

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

A corrupción é o principal problema da España actual. Mais que a crise, o paro ou Cataluña. Ten que ver con todos os problemas e agrávos. Tan grave é que evitamos preguntarnos polas súas causas últimas e facernos todas as preguntas posibles ata as últimas consecuencias. Non é doado, pero podemos ir avanzando. ¿É ocasional, só ligada á crise, como din algúns, ou descóbrese e faise socialmente intolerable por mor da crise? ¿É sistémica como suxiren outros? ¿É só política e interna ao sistema político ou afecta tamén ao mundo empresarial, sindical, xudicial? ¿É só cousa das elites ou tamén do conxunto da sociedade? ¿Será cousa de xuíces estrela impertinentes e policía teimudos? ¿Ou conformámonos coa argumentación etnocultural de que é consubstancial aos países católicos do sur de Europa?

Un observador externo confirmaría que a corrupción é o asunto central da política española, vendo as portadas dos xornais e escoitando os informativos de calquera cadea española de radio ou televisión dende que hai cinco anos saíu á luz o caso Correa. Repito: en febreiro fixo cinco anos, pero dous anos antes arrincara o Palma Arena. Daquela a hoxe perdemos a conta. Houbo cambios políticos inducidos dende o sistema: mudou o rei, o líder da oposición e varios máis, e hai baterías de propostas de rexeneración. Pero novos casos xorden a diario, outros vellos rexorden e non se lle ve saída ao funil. ¿Por que o sistema político construído dende a honestidade e o altruísmo da transición derivou neste esperpento?

Non hai sistemas incorruptibles, pero hainos capaces de depurar as súas excrecencias. A probada incapacidade dos nosos partidos para cortar a corrupción que xurde en todo sistema é unha evidencia que merece ser indagada. ¿Por que a negaron e agocharon sistematicamente todos os partidos?

O guerracivilismo do sistema pode ser parte da resposta. As eivas morais dun sistema económico e social fundado nos espolios de 1939 tampouco foron bos alicerces. O problema non é quen lle deu máis cartos a Correa ou a Castro, senón de quen era amigo político. O aspecto persoal e mesmo a cantidade danos igual.

Lourenzo Fernández Prieto (*La Voz de Galicia*, 19/11/2014, fragmento)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

La corrupción es el principal problema de la España actual. Mas que la crisis, el paro o Cataluña. Tiene que ver con todos los problemas y los agrava. Tan grave es que evitamos preguntarnos por sus causas últimas y hacernos todas las preguntas posibles hasta las últimas consecuencias. No es fácil, pero podemos ir avanzando. ¿Es ocasional, sólo ligada a la crisis, como dicen algunos, o se descubre y se hace socialmente intolerable por culpa de la crisis? ¿Es sistémica como sugieren otros? ¿Es sólo política e interna al sistema político o afecta también al mundo empresarial, sindical, judicial? ¿Es solo culpa de las élites o también del conjunto de la sociedad? ¿Será cosa de jueces estrella impertinentes y policías tercicos? ¿O nos conformamos con la argumentación etnocultural de que es consubstancial a los países católicos del sur de Europa?

Un observador externo confirmaría que la corrupción es el asunto central de la política española, viendo las portadas de los periódicos y escuchando los informativos de cualquier cadena española de radio o televisión desde que hace cinco años salió a la luz el caso Correa. Repito: en febrero hizo cinco años, pero dos antes había comenzado el Palma Arena. Desde entonces hasta ahora perdimos la cuenta. Hubo cambios políticos inducidos desde el sistema: cambió el rey, el líder de la oposición y varios más, y hay baterías de propuestas de regeneración. Pero nuevos casos surgen a diario, otros viejos resurgen y no se le ve salida fácil al embudo. ¿Por qué el sistema político construido desde la honestidad y el altruismo de la transición derivó en este esperpento?

No hay sistemas incorruptibles, pero los hay capaces de depurar sus excrecencias. La probada incapacidad de nuestros partidos para cortar la corrupción que surge en todo el sistema es una evidencia que merece ser indagada. ¿Por qué la negaron y escondieron sistemáticamente todos los partidos?

El guerracivilismo del sistema puede ser parte de la respuesta. Las deficiencias morales de un sistema económico y social fundado en los espolios de 1939 tampoco fueron buenos cimientos. El problema no es quien le dio más dinero a Correa o a Castro, sino de quien era amigo político. El aspecto personal e incluso la cantidad nos da igual.

Lourenzo Fernández Prieto (*La Voz de Galicia*, 19/11/2014, fragmento traducido del gallego)

1. Indique, en una frase de non más de 25 palabras, cual es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]